

IES Nosa Señora dos Ollos Grandes

Proxecto Erasmus+ KA121 *Mirando Cara a Europa cos Ollos Grandes*

Mobilidades de longa duración

Estimadas familias,

De cara ao curso académico 2024-25 estamos planificando facer as seguintes mobilidades de cinco semanas de duración:

- Francia: Dúas prazas no Lycée Joseph Saverne (L'Isle-Jourdain)
- Italia: Dúas prazas no Liceo Rosa-Gianturco (Potenza)
- Austria: Unha praza no Gymnazium Sacré Coeur (Graz)

Estas mobilidades terían lugar no primeiro trimestre do curso 2024-25. O alumnado participante viviría na casa do alumnado anfitrión e asistiría ao seu centro educativo. Participar nestas actividades implicaría recibir a o alumnado estranxeiro, antes ou despois, durante un período de tempo similar.

Para participar nestas actividades é necesario estar cursando cuarto curso de ESO no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes e para a selección do alumando, empregaremos os seguintes criterios de selección:

1. Madurez, comportamento, actitude, adaptabilidade e resiliencia (ata 10 puntos). Esta puntuación será outorgada por membros do equipo docente de cada candidato/a. A puntuación final será a media aritmética das cualificacións recibidas.
2. Ser alumno/a con menos oportunidades (ata 5 puntos; ver definición abaixo). Esta puntuación estará baseada na existencia contrastada de dificultades por motivos de discapacidade ou saúde, educativas, socio-económicas, culturais ou xeográficas.
3. Entrevista persoal co comité de selección (3 puntos).
4. Participar activamente no centro: 0.5 punto (subdelegado/a); 1 puntos (delegado/a); 3 puntos (consello escolar)
5. Nota media partida por dous do expediente académico de cuarto de ESO no momento de realizarse a selección (5 puntos).
6. Nota (partida por dous) da materia de Lingua Inglesa (Italia), Alemán (Austria) ou Lingua Francesa (Francia) no momento de realizar a selección (5 puntos).
7. Cursar unha segunda lingua estranxeira (2 puntos). No caso das mobilidades a Francia e Austria, daranse 5 puntos por estar prematriculado en Francés (Francia) ou Alemán (Austria) en primeiro de Bacharelato.
8. Non ter participado en proxectos internacionais no centro durante o presente curso (2 puntos).
9. Para resolver os casos de empate na puntuación final, atenderase á maior puntuación nos criterios na mesma orde na que están enumerados.



A selección do alumnado participante terá lugar entre maio e xuño deste curso debido ao requisito de participar nunha xornada de formación a final de curso.

A realización desta mobilidade dependerá de que seña aprobada por parte do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE) e financiada pola Comisión Europea.

Se teñen interese en que o seu fillo/a participe nesta mobilidade, pregamos que asinen o seguinte formulario e o entreguen na oficina administrativa do centro antes do 15 de maio:

Don/Dona _____, pai/nai/titor/a legal do/da alumno/a
_____, de 4 de ESO _____,

Estou interesado/a en que o meu fillo/a participe na mobilidade de cinco semanas de duración a Francia / Italia / Austria (suliñar a(s) preferencia(s)). Asimesmo, comprométome a recibir a un alumno/a deste centro educativo francés durante un período de tempo similar. Estas actividades terán lugar durante o primeiro trimestre do curso 2024-25.

Entendo que a realización desta actividade depende da aprobación por parte do SEPIE e da concesión de financiación por parte da Comisión Europea.

Asimesmo, solicitamos que o alumnado interesado cumplimente un formulario online publicado na páxina web do centro para axilizar a recompilación de datos.

En _____, a _____ de maio de 2024